



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, para dar cumprimento ao disposto polos art. 195 e 196 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño (de Réxime Electoral Xeral), e as súas posteriores modificacións, así como nos arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais (aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro) referentes á **CONSTITUCIÓN DAS CORPORACIÓNS LOCAIS e ELECCIÓN DE ALCALDE**, reuníronse en sesión pública previamente convocada, os señores concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o 26 de maio do actual, que a continuación se relacionan:

- Don José Ángel Santos Sánchez.
- Don Mauro Faustino Mourín González.
- Dona María de los Ángeles Buján Burgo.
- Don Jesús Julio Cortiña López.
- Dona Nuria Vázquez Argerey.
- Don Juan Carlos Casal Pena.
- Don Enrique Barreiro Sánchez.
- Dona María Ángeles Pilar López López.
- Don Juan Ramón Varela López.
- Dona Nerea Campo Fariñas.
- Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Actúa como Secretario, o da Corporación, Don Julio González Casanova, que da fe do acto, quen fai constar que se deu cumprimento ao requisito esixido no art. 7 do devandito Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, como trámite previo legal ao acto.

Declarada aberta a sesión, polo Secretario procédese a dar conta da acta de proclamación de candidatos, remitida pola Xunta Electoral de Zona. Na mesma, ademáis da proclamación das persoas candidatas, faise constar que coa data 30 de maio, a candidata Rebeca Corral Rodríguez presenta renuncia a ser proclamada electa. A Xunta Electoral acorda aceptar a renuncia da Sra. Corral Rodríguez, procedendo á proclamación como electa e expedir credencial a favor da seguinte na lista da candidatura proclamada polo Partido Popular, Nerea Campo Fariñas.

Seguidamente procedeuse a chamar aos concelleiros electos de maior e menor idade dos presentes, co obxecto de formar a **MESA DE IDADE**, presidida polo de maior idade e da que será Secretario o da Corporación, según se establece no art. 195.2 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño e no art. 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, correspondendo a designación como concelleiro de maior idade a Don Jesús Julio Cortiña López, que preside a mesma, e como concelleira de menor idade, Dona Nerea Campo Fariñas, quedando por tanto constituida por:

- Don Jesús Julio Cortiña López, de 68 anos, concelleiro de maior idade.
- Dona Nerea Campo Fariñas, de 21 anos, concelleira de menor idade.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Como Secretario, Don Julio González Casanova, Secretario do Concello.

Seguidamente polo Secretario, procedeuse a dar conta das disposicións aplicables á constitución dos novos concellos, entre elas, as contidas no art. 195 da Lei Orgánica 5/85 e art 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Faise constar ademais, que no expediente incoado consta a certificación expedida pola Xunta Electoral de Zona, cos nomes e apelidos dos señores Concelleiros Electos, así como as credenciais presentadas e acreditación da personalidade dos electos, que obran en poder da Mesa de Idade, a efectos da súa comprobación.

Polo Secretario dáse conta de que, en cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, todos os concelleiros electos presentaron declaracións sobre as causas de incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como as declaracións de bens patrimoniais, e as declaracións da renda.

A continuación polo Secretario ponse de manifesto o disposto nos art. 176, 177 e 178 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño, invitando aos concelleiros electos a que expuxesen se lles afectaba algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación, despois do que e dado que os reunidos non manifestan que lles afecte causa algunha de incompatibilidade sobrevida, continúa a sesión.

Seguidamente, unha vez comprobado o cumprimento do establecido no art. 195.4 da devandita Lei Orgánica 5/85 e no art. 37.4 do Regulamento de Organización e Funcionamento, procede declarar constituída a corporación, por concurrir maioría absoluta dos concelleiros electos. No momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de concelleiro, polo Sr. Presidente da Mesa de Idade, procederase a tomar xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, de conformidade co disposto no art. 108. da Lei 5/85 de 19 de xuño.

En cumprimento das devanditas disposicións legais, polo Presidente da Mesa de Idade Sr. Cortiña López, formúlase a cada un dos concelleiros electos a seguinte pregunta: “¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de **CONCELLEIRO**, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

Contestando DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, SI XURO.

Contestando DON MAURO FAUSTINO MOURÍN GONZÁLEZ, SI XURO.

Contestando DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES BUJÁN BURGO. SI XURO.

Contestando DONA NURIA VÁZQUEZ ARGEREY, SI XURO.

Contestando DON JUAN CARLOS CASAL PENA, SI XURO.

Contestando DON ENRIQUE BARREIRO SÁNCHEZ, SI XURO.

Contestando DONA MARÍA ÁNGELES PILAR LOPEZ LÓPEZ SI XURO.

Contestando DON JUAN RAMÓN VARELA LÓPEZ, SI XURO.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Contestando DONA NEREA CAMPO FARIÑAS, SI XURO.

Contestando DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES MARTÍNEZ MARTÍNEZ, SI PROMETO.

A continuación polo outro membro da Mesa de Idade Sra. Campo Fariñas, fórmulase ao Presidente a pregunta anteriormente transcrita, contestando DON JESÚS JULIO CORTIÑA LÓPEZ, SI XURO.

Realizadas as operacións anteriores, pola Mesa de Idade **DECLÁRASE CONSTITUIDA** a Corporación, concurrindo tódolos concelleiros electos.

Acto seguido, polo Secretario dase conta do disposto no art. 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, que establece o procedemento para a elección de Alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que tiveron representación nas pasadas eleccións locais. Dáse lectura ás candidaturas, cabezas de lista e votos obtidos nas eleccións municipais do 26 de maio do actual, que segundo consta na Acta de Proclamación de Candidatos, remitida pola Xunta Electoral de Zona son:

CABEZA DE LISTA LISTA ELECTORAL VOTOS OBTIDOS

Don José Ángel Santos Sánchez.- Partido Popular 2.365

Dona Ángeles Martínez Martínez.- P.S.de Ga-PSOE 415

Na acta de proclamación consta ademáis que o B.N.G. obtivo 107 votos, aínda que non acadou representación.

A continuación, dacordo co establecido no art. 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais polo Pleno do Concello, acórdase por unanimidade utilizar o sistema de votación ordinaria para proceder á elección de Alcalde, que ven sendo o empregado no Concello. Unha vez realizada a votación, obtense o seguinte resultado:

JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ DEZ (10) VOTOS.

MARÍA DE LOS ÁNGELES MARTÍNEZ MARTÍNEZ UN (1) VOTO.

Á vista do resultado da votación, queda proclamado **ALCALDE** do Concello de Friol **DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ**. Acto seguido, en cumprimento do previsto no art. 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Presidente da Mesa de Idade Sr. Cortiña López, fórmulalle a seguinte pregunta:

"Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente coas obrigas do cargo de **ALCALDE**, gardar e facer gardar a Constitución como Norma fundamental do Estado?"

Respondendo Don José Ángel Santos Sánchez, **SI XURO.**

Cumprido o anterior requisito, Don José Ángel Santos Sánchez toma posesión do seu cargo, pasando a ocupar a Presidencia.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A continuación polo Secretario-Interventor, con motivo da constitución da nova corporación e en cumprimento das disposicións vixentes, ponse de manifesto que está a disposición dos señores concelleiros o arqueo extraordinario realizado ao efecto, constando os documentos que xustifican a existencia en metálico, depositados nas entidades bancarias, así como a documentación relativa ao Inventario do Patrimonio Municipal, de acordo co preceptuado no art. 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aos efectos previstos no art. 86 do Real Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril e art. 33.2 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, do que queda enterada a Corporación.

Seguidamente, e antes de que tome a palabra o Sr. Alcalde, polo Secretario dase conta ao Pleno do disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, referido á convocatoria da sesión extraordinaria en relación coa futura organización do concello.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde, intervención que se transcribe de xeito literal:

“Queridos compañeiros de corporación, estimados veciñ@s e amigos, bo día.

Eu non son una persoa dada a pronunciar grandes discursos nin a seguir protocolos, pero sí quixera que, o tomar por segunda vez a palabra como Alcalde de Friol, os meus primeiros sentimentos sexan compartidos de felicitación e de agradecemento.

Felicidades, en primeiro lugar, a todos e a cada un dos veciños e veciñas do Municipio Friol. O pasado 26 de Maio, deron, coa masiva asistencia as urnas, unha verdadeira lección de responsabilidade democrática.

Quero felicitar e dar a benvida tamén, a tódolos concelleiros e concelleiras da corporación que hoxe aquí se constitúe. Independentemente da candidatura da que formáramos parte, e da ideoloxía de cada un deles, os veciños e veciñas de Friol acaban de encomendarnos a todos e a cada un de nós, unha importante tarefa: traballar polo noso Concello, polo seu presente e polo seu futuro.

Estou completamente seguro de que cada un de nós, dende o lugar que nos corresponde polo mandato dos nosos veciñ@s, deixaremos o mellor de nós mesmos, pa non defraudar este importante caudal de confianza, que os mesmos veciñ@s depositaron nesta nova corporación.

En canto os agradecementos, quixera dar as gracias a todo o pobo de Friol pola abrumadora confianza que depositou en mín e nos meus compañeiros. Esta confianza supón unha gran responsabilidade, pero tamén unha gran ilusión e un gran reto, que estou seguro de poder afrontar durante esta lexislatura con garantías de éxito.

Gustárame agradecer tamén os meus compañeiros de partido, así como os concelleiros que me acompañarán en labores de goberno durante este mandato, gracias por aceptar esta responsabilidade e este reto, moitas gracias pola confianza depositada na miña persoa, para ocupar de novo ésta Alcaldía.

Non desexo, nin quixera olvidarme de expresar públicamente, e sempre e cando mo permitan, en un día tan importante para mín como hoxe sobre todo no ámbito persoal, ter un recordo e un agradecemento moi especial, cheo de admiración e de afecto hacia unha persoa, unha persoa que o longo de toda a súa vida se desviviou por quen lles fala, unha persoa que me inculcou uns valores de honestidade, respecto e responsabilidade, entre outros, uns valores que intentarei seguir transmitindo na faceta de Alcalde de Friol, esa persoa de quen lles estou a falar, que por desgraza xa non está entre nós, sólo no meu recordo, e meu pai, o cal lle adico estas palabras de sentimentos.

Creo que estas palabras que vou adicar de seguido, serán compartidas por todos os membros desta Corporación, éstas, van dirixidas a todas as nosas familias, a miña gratitude a todos e cada un dos membros que as compoñen, por ter esa paciencia, por ese apoio que nos aportan, e sobre todo, pedirllas disculpas por en ocasións non lles poder adicar o tempo que se merecen debido a dedicación a esta administración, no meu caso gracias a miña nai e a dunha maneira especial a miña muller, que no día de hoxe, acaba de facerme pai de novo.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Tamén quero agradecer os compañeir@s que despois de moitos anos sendo concelleiros, nesta lexislatura que hoxe arranca, deixan de selo, como son os do meu grupo, Isabel García, Josefa Janeiro, Fátima Iglesias e no grupo socialista a Álvaro Santos e a José Antonio Barreiro, moitas gracias a todos eles por ese traballo, que desde diferentes postos na corporación lle adicaron a Friol. Moitas gracias, de verdade.

Entenderán que hoxe, cando tomo a palabra de novo como Alcalde, os sentimentos surxan precipitadamente xunto a tantos recordos que durante estes últimos 12 anos marcaron a miña vida política, pero suele decirse e asegúrolles que é verdade, que o maior honor e a maior satisfacción que pode ter un veciño e chegar a ser Alcalde do seu Concello.

Quero manifestar, como non podía ser doutro xeito que faremos unha política de continuidade, cercana as necesidades e os problemas dos nosos veciñ@s, sabemos de primeira man cales son esa necesidades, pero tamén sabemos mellor que ninguén como atallalas, trataremos de chegar a puntos de encontro nos asuntos mais importantes para o correcto funcionamento deste Concello.

Todos debemos de ter como único obxectivo o de conseguir o mellor para o noso Municipio, cada un dende o seu posto, un posto que así o decidiron os veciñ@s de Friol, decirlles que este equipo de goberno continuará como veu facendo neste últimos anos, antepoñendo sempre os intereses de Friol, o de calquer sigla política.

Un equipo de goberno, que aínda que ten unha media de idade moi xoven, ten experiencia, é un grupo traballador, comprometido, pero sobre todo moi cualificado, xestionará e sacará adiante o mellor posible os asuntos do noso Concello.

O traballo deste equipo de goberno será o de transparencia absoluta, o de facernos escoitar onde faga falta para esixir o que nos corresponde, en definitiva, traballaremos polo mellor para os nosos veciñ@s, sen descanso, para que Friol siga avanzando.

Desexo como Alcalde que non exista a confrontación, nin ningún tipo de crispación, espero e confío, polo ben do noso Concello, que predomine a concordia, o consenso e a colaboración entre ambas partes.

Remato decindo, que tanto como Alcalde, como a nivel persoal teránme aquí, para o que necesiten, e desexando que teñan sorte nesta nova andadura que como mínimo durará uns catro anos.

MOITAS GRACIAS A TODOS".

A continuación, reitérase o disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, referido á convocatoria da sesión extraordinaria en relación coa futura organización do concello, co que se deu por rematada a sesión, dispoñéndose o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.

E non habendo mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, ás trece horas e vinte minutos da data ao principio indicada, de tódolo que eu, Secretario do Concello, redacto acta e dou fe.